

MELLORANDO O ACCESO Á ATENCIÓN SANITARIA NOS CAMPOS DE REFUXIADOS DA REXIÓN DE GAMBELA, ETIOPÍA

Laura Davila-Pena^{1,2}, Maria Paola Scaparra², Mahdi Shavarani² e Fabio Manenti³

¹Grupo MODESTYA, Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización, Universidade de Santiago de Compostela, España

²Kent Business School, University of Kent, Reino Unido

³Doctors with Africa CUAMM, Italia

RESUMO

A rexión de Gambela, ao oeste de Etiopía, acolle a máis de 350 000 refuxiados sursudaneses repartidos en sete campos e asentamentos. As organizacións non gobernamentais (ONGs), como *Doctors with Africa CUAMM*, traballan para reforzar o sistema sanitario, centrándose na planificación de infraestruturas e persoal co fin de mellorar a accesibilidade, a equidade e a calidade asistencial. En colaboración con CUAMM, desenvolvemos un modelo de localización-asignación que contempla a estrutura xerárquica e multiservizo da atención sanitaria nos campos de refuxiados. O modelo proposto, formulado como un problema multiobxectivo de programación lineal enteira mixta, determina de forma óptima a localización de postos e centros de saúde, así como a asignación de servizos esenciais e de persoal sanitario, buscando unha distribución equitativa dos recursos. Preséntanse algúns resultados preliminares, estudando distintos escenarios, o que amosa o potencial do noso modelo como ferramenta de apoio ás decisións de CUAMM.

Palabras e frases chave: Países en desenvolvemento, sistema sanitario, localización, asignación de recursos, campos de refuxiados.